

## Na parábola fabril, o mito

**Arturo Casas**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CASAS, ARTURO (2011 [2009]). “Na parábola fabril, o mito”. *Grial*: 184, 107-109. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/18>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

CASAS, ARTURO (2009). “Na parábola fabril, o mito”. *Grial*: 184, 107-109.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## NA PARÁBOLA FABRIL, O MITO

[RECENSIÓN DO LIBRO DE ALFREDO FERREIRO *METAL CENTRAL*, 2009]

**Arturo Casas**

Alfredo Ferreiro presenta en *Metal central*, libro finalista do XX Premio Pérez Parallé de Poesía, unha proposta ambiciosa e por tanto de risco que mantén algunhas marcas de continuidade coa súa produción poética de mediados dos anos 90, por exemplo coa do libro *7 Poetas* publicado polo colectivo coruñés Hedral en 1995. Xuntara entón Ferreiro unha serie de poemas, hoxe accesíbeis en liña no número 11 da publicación *Çopyright* mantida por Celso Álvarez Cáccamo, que exploraban as correspondencias entre natureza e civilización e que ían dos vellos elementos esenciais –terra, auga, lume, aire– á construción correlativa do corpo na posmodernidade, e aínda á lectura entre visionaria e [108] alxébrica das emotividades ou conviccións que cohesionan mundo, imaxinarios, arquetipos.

Entre aqueles textos figurou “O levantador de minas”, título hoxe de recoñecemento inmediato para os seguidores da blogosfera galega por identificar un dos lugares fundamentais de información, crítica e documentación sobre a literatura entendida como intervención e como factor social e institucional dentro do campo cultural. Naturalmente, tras ese nome suxerente dun blogue imprescindible está Alfredo Ferreiro. E a carón del, como xa en Hedral, están tamén Tati Mancebo e, noutra escala, algúns compañeiros máis. Sinalo isto porque é un dato recorrente na traxectoria do autor a decisión de facer e producir de forma colaborativa.

Apréciase ben na capa do libro, con esa ilustración de Alberto Esperante que tivo que nacer do diálogo e da coordinación. Nela e nos textos anúnciase o que vou situar como fundamento inventivo deste *Metal central*, a parábola fabril constituída como montaxe de breves proxeccións metamórficas para dar conta dun fluxo ou proceso, o da fabricación metalúrxica e o pouso que iso deixe nos operarios que a sosteñen, e de varios mitos ou imaxinemas entre os cales o da caverna, o do pequeno mundo do home (micro e macrocosmos en paralelo) e o do fetichismo da mercadoría non son os menos relevantes. E segundo observou Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo nun brillante limiar, sen que emerxa a partir de aí o rexistro específico dun suxeito diferenciado, un eu enunciador distinto, agás en momentos bastante concretos e intermitentes. Domina sobre esa alternativa a dun *nós* comunal e experiencial que describe feitos e visións, ou en casos unha voz case en *off* que informa sobre o que na fábrica-mundo acontece ou parecería acontecer. O prologuista fala de singularidade expresiva e poética, de que ninguén máis está a escribir poesía deste xeito entre nós. Inútil discrepar, se ben parece que libros como *Os documentos da sombra*, do propio Cáccamo, poderían formar parte dunha tradición textual á que non é completamente alleo o oficio de Ferreiro.

Ler é sempre un acto de natureza imprevisíbel no que se produce unha dinámica pouco dócil entre as lecturas previas e as referencias que a memoria lectora garda, dunha parte, e, doutra, a corrente de linguaxe e ideas, tamén de sentimentos e emocións, que o texto novo é quen de activar nos que a el acceden. Unha das achegas que os lectores estimarán nesta breve colección de vintetrés poemas é o estímulo eficaz desa memoria, que sen dúbida fará abrochar o recordo dos clásicos, a lembranza de vellas lecturas non forzada polo autor senón simplemente reclamada –a *Biblia*, Platón e os neoplatónicos, Ovidio, os moralistas e satíricos do XVIII inglés e francés, Hegel e Marx, os fabuladores modernos de utopías e distopías...– para, de xeito non desemeillante ao resolto hai quince anos, elaborar a fabulación que explique nada menos que a vida. Nada menos, asemade, que a equiparación posíbel entre corpo e cosmos, un pouco ao xeito do *Timeo* platónico.

De aí a parábola, que tampouco permanece inscrita en si mesma senón que se move para introducir chaves pluais, concéntricas. O centro, en efecto, é a factoría siderúrxica que se asocia á biografía laboral do poeta tanto como á súa biografía sentimental, á súa perda da inocencia intelectual e á autoficción de aprendizaxe e ingreso *forzado* no mundo efectivo. “Chamáronme e acudín” é o primeiro verso do libro.

Na ilustración de Esperante para a capa –decía– están as costelas e trabes armilares que ecuacionan ou polo menos fan corresponderse simbolicamente fábrica, fragua, caverna, ara sacrificial, corpo, monstro devorador, templo, cárcere, cidade, civilización..., e que reclaman de modo continuo a alusión obviamente necesaria ao que fica fóra dese recinto de nome diverso.

No básico pode intuírse que o que está fóra sexa a natureza, oposta así á civilización construída baixo a bóveda do traballo, a mercadoría, a produción capitalista e a creba da conexión entre produtores e produtos. Constátase na superficie textual de poemas como “Desexos ou “Incomprensión”: “os corvos que pasan cada mañá/ observan con milenaria estrañeza/ o confinamento espiritual dos homes”.

Pero tamén, se irmos máis ao fondo e lermos Ferreiro desde Lukács e o propio Marx, fóra fica o rexistro ou pegada da vida que foi e quedou só como unha estación da historia. O poeta semella mencionala a propósito dos obreiros-labregos en poemas como “Labradores” pero non elabora nese plano un discurso moral senón político e aínda estético sobre a reificación e sobre a resistencia do suxeito a ser el tamén mercadoría. Creo en todo caso probábel que o faga máis desde a crítica da espacialización do tempo desenvolvida por Guy Debord, como crítica da relegación da historia e da dominación da sociedade do espectáculo, que desde presupostos propiamente marxianos.

O máis interesante da proposta poética do autor xulgo que sexa **[109]** a consecución, en xeral alcanzada e só nalgún momento dubitativa, dunha dicción liberada das ataduras dunha polaridade maniquea e derrotista do que, en termos de Hannah Arendt, poderíamos identificar como as coordenadas da *acción* fronte ás do *traballo*. Ferreiro explora en suma as inseguras posibilidades de revertir o espectáculo integrado no que se reconfigurou a caverna, no que metamorfoseou Leviatán, e de alcanzar que o discurso *poiético* e a acción pública marquen un límite consciente entre o ferro e a chatarra, entre a enerxía e a doma. Menciona adoito a fragilidade e o desgaste, ao tempo que reverencia a mirada inocente que non é quen de evitar o gozo lúdico da produción ou da linguaxe, evidenciado no poema que dá título ao libro mediante paronomasias, figuras etimolóxicas e derivacións que rodan e rodan nun xogo imparábel e metamórfico, acaso esperanzado, acaso absurdo, pero nunca acabado. Ademais, como un recurso último, Ferreiro acode ao mito e formula nel a pregunta sobre o lugar do amor, sobre os seus restos, cosmogónicos pero biolóxicos. Sorprende isto. E estimula non só a imaxinación: tamén a análise.